

MONFORTE DE LEMOS

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS**

Publicado no Boletín Oficial da Provincia número 250 de 31 de outubro de 2019 o anuncio referente á exposición ao público do expediente de modificación de crédito 62/2019 baixo a modalidade de transferencia de créditos entre partidas de diferentes áreas de gasto do orzamento vixente por importe de 31.710,25 €, aprobado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 28 de outubro de 2019 e transcorrido o prazo da citada exposición sen presentarse reclamacións, conforme ao artigo 38 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, enténdese definitivamente aprobado.

Contra a aprobación definitiva do expediente poderá interporse directamente Recurso Contencioso-Administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Resumo da modificación:

Partidas orzamentarias minoradas	Transferencia negativa	Partidas orzamentarias aumentadas	Transferencia positiva
934.121.01	15.710,25	432.226.99	31.710,25
931.121.01	8.000,00		
920.121.01	8.000,00		
	31.710.25		31.710.25

Monforte de Lemos, 25 de novembro de 2019.-IO Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3583

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN URXENTE, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/HA EDUCADORA/A SOCIAL, A XORNADA COMPLETA, VINCULADO/A O PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL PARA PERSOAS DE ETNIA XITANA E A SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ESTE CONCELLO Ó EFECTO POLA CONSELELRIA DE POLITICA SOCIAL.

Por resolución da alcaldía de data 28 de novembro do 2019 aprobáronse as bases que rexen esta convocatoria.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de CINCO (5) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e das bases na páxina web municipal.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben por fax(982404812) ou mediante correo electrónico a rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 29 de novembro de 2019.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 3640

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN URXENTE, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/HA EDUCADORA/A SOCIAL, a tempo parcial, xornada de 35 horas semanais, VINCULADO/A O PROGRAMA "AUTOEDUCARSE PARA EDUCAR" E A SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ESTE CONCELLO Ó EFECTO POLA CONSELLERIA DE POLITICA SOCIAL

Por resolución da alcaldía de data 28 de novembro do 2019 aprobáronse as bases que rexen esta convocatoria.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).